

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

15674 *ORDEN ECI/2514/2007, do 13 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais de máster e doutor. («BOE» 200, do 21-8-2007.)*

Os reais decretos 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao, e 56/2005, da mesma data, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, parcialmente modificados polo Real decreto 1509/2005 do 16 de decembro, viñeron configurar unha nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais españolas, de acordo coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior e de conformidade co previsto no artigo 88.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Pola súa parte, o Real decreto 55/2005 derogou o Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios, sen prexuízo da súa aplicación ás ensinanzas anteriores, polo que se fai necesario establecer, en cumprimento do mandato contido no artigo 3.1 do Real decreto 55/2005, anteriormente citado, os requisitos que respecto ao formato, texto e procedemento serán de aplicación para a expedición de títulos universitarios oficiais en todo o territorio nacional polas universidades españolas.

Porén, aínda que neste curso 2006-2007 se produciu a implantación das primeiras ensinanzas oficiais conducentes á obtención dos novos títulos oficiais de máster e doutor, o comezo efectivo da impartición das ensinanzas de grao non terá lugar ata o curso 2008-2009, polo que esta orde tan só aborda a regulación necesaria para expedir os novos títulos oficiais de máster e doutor correspondente ás ensinanzas que foron implantadas conforme as disposicións contidas no citado Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro.

De acordo co anterior, os anexos I e II recollen, segundo o disposto nesta norma, os modelos de expedición dos novos títulos de máster e doutor e os anexos III e IV presentan os modelos relativos á expedición destes títulos cando corresponden aos programas conxuntos desenvolvidos entre universidades españolas ou españolas e estranxeiras a que se refire o artigo 7 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro. Finalmente, o anexo V incorpora o modelo do suplemento europeo ao título de máster universitario.

Na súa virtude, en uso da competencia atribuída polo artigo 3.1 do Real decreto 55/2005, logo de informe do

Consello de Coordinación Universitaria e coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto a regulación dos requisitos e o procedemento para a expedición dos títulos universitarios oficiais de máster e doutor, en cumprimento do establecido no artigo 3.1 do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións contidas nesta orde serán de aplicación á expedición de títulos universitarios oficiais de máster e doutor polas universidades españolas, en todo o territorio nacional.

Artigo 3. *Títulos oficiais de máster e doutor.*

1. Son títulos universitarios oficiais de máster e doutor aqueles que acreditan a completa superación do segundo e terceiro ciclo, respectivamente, dos estudos universitarios oficiais con validez académica e profesional en todo o territorio nacional.

2. Estes títulos serán expedidos, en nome do rei, polo reitor da universidade en que se conclúan os estudos que dan dereito á súa obtención, de acordo cos requisitos que respecto ao seu formato, texto e procedemento de expedición se establecen nesta orde.

3. A denominación dos títulos universitarios oficiais de máster será a de «Máster universitario» e a dos títulos universitarios oficiais de doutor será «Doutor», e estas denominacións quedan reservadas en exclusiva para cada un deles.

Artigo 4. *Rexistros de títulos universitarios oficiais.*

1. No Ministerio de Educación e Ciencia e en todas as universidades existirán, respectivamente, o Rexistro Nacional e os rexistros universitarios de expedición de títulos universitarios oficiais.

2. O acceso a estes rexistros, que conteñen datos de carácter persoal, realizarase nos termos establecidos no artigo 37.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO II

Expedición de títulos universitarios oficiais de máster e doutor*Artigo 5. Títulos de máster universitario.*

1. A denominación específica dos títulos oficiais de máster universitario será a que figure na relación de títulos de nova implantación cuxas ensinanzas teñan carácter oficial e conduzan á obtención do título correspondente, que será publicada no «Boletín Oficial del Estado» de conformidade co establecido no artigo 5 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro.

2. A expedición material destes títulos recollerá, xunto á mención da súa denominación específica e a referencia expresa á súa condición de ensinanzas de máster universitario, alusión ao seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como, se é o caso, mención expresa á especialidade cursada, segundo o modelo previsto no anexo I.

Artigo 6. Títulos de doutor.

1. O título oficial de doutor incluirá a denominación «doutor/a pola Universidade de» seguida do nome da universidade en que foi aprobada a tese de doutoramento e da denominación do programa cursado.

2. A expedición material destes títulos recollerá, xunto á mención da súa denominación e a referencia expresa á súa condición de ensinanzas de doutoramento, alusión ao seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, segundo o modelo previsto no anexo II.

3. Poderase incluír, se é o caso, a mención «cum laude», de conformidade co establecido no artigo 13.4 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, relativo á defensa e avaliación da tese de doutoramento.

4. Así mesmo, no anverso do título de doutor poderá figurar a mención doutor europeo («Doctor europeus»), sempre que concorran as circunstancias previstas no artigo 14 do Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro.

Artigo 7. Títulos correspondentes a programas conxuntos entre universidades españolas ou españolas e estranxeiras conducentes á obtención de títulos oficiais de máster universitario ou doutor.

1. A expedición dos títulos oficiais de máster universitario ou doutor obtidos tras a superación do segundo ou terceiro ciclo, respectivamente, dos programas conxuntos entre dúas ou máis universidades españolas, segundo o disposto no artigo 7.3 do Decreto 56/2005, rexerese, ademais de polo disposto nesta orde, polo establecido no convenio que para eses efectos subscribisen as respectivas universidades que, en todo caso, deberá determinar a universidade que será responsable da tramitación e arquivo dos expedientes dos estudantes, así como da tramitación, expedición material, rexistro e entrega aos interesados dos correspondentes títulos.

A expedición destes títulos rexerese polo disposto nesta orde, e en cada título deberase incluír a referencia expresa ás universidades participantes no convenio subscrito, de conformidade co establecido nos anexos III e IV.

2. A expedición dos títulos oficiais de máster universitario ou doutor obtidos tras a superación do segundo ou terceiro ciclo, respectivamente, dos programas oficiais conxuntos entre universidades españolas e estranxeiras, segundo o disposto no artigo 7.4, do Real decreto 56/2005, rexerese, ademais de polo disposto

nesta orde, polo establecido no convenio que para eses efectos subscribisen as respectivas universidades.

No título oficial de máster universitario ou doutor expedido pola universidade española que subscribise o convenio, incluírase a mención expresa das universidades participantes, de conformidade cos modelos previstos nos anexos III e IV.

3. Cando a expedición do título corresponda á universidade estranxeira, no convenio estipularase que neste título deberá figurar unha mención ao título oficial de posgrao español que corresponda. En todo caso, o título deberá ser presentado ante a universidade española que asinou o convenio, para que esta inclúa unha dilixencia en que sinale o título oficial de posgrao que corresponda e proceda ao seu rexistro.

Os títulos estranxeiros obtidos de acordo co previsto neste artigo, en ningún caso poderán ser, pola súa vez, obxecto de homologación a un título ou grao académico español ao abeiro do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior.

CAPÍTULO III

Procedemento de expedición de títulos universitarios oficiais de máster e doutor*Artigo 8. Solicitude.*

1. Unha vez superados os estudos universitarios conducentes á obtención dun título oficial de máster universitario ou doutor, o interesado poderá solicitar, na universidade en que conclúise eses estudos, a expedición do título. O expediente para a concesión do título constará dos seguintes documentos:

a) Instancia do interesado en que solicite o título, de acordo co modelo que estableza a correspondente universidade, na cal deberá constar, se é o caso, solicitude expresa de expedición deste en texto bilingüe, de conformidade co establecido no artigo 12 desta orde.

b) Certificación académica do centro universitario que garanta e especifique a superación polo interesado dos estudos correspondentes e, se é o caso, de cantos requisitos sexan exixibles con relación ao plan de estudos ou programa de que se trate, con mención da data da súa finalización. Así mesmo, a certificación deberá incluír a data de aprobación do correspondente título.

c) Acreditación dos datos de identidade do interesado, nos termos regulados no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

d) Certificación de que o interesado satisfizo os dereitos de expedición do título.

2. Os títulos de máster universitario e doutor producirán efectos plenos desde a data de pagamento dos seus dereitos de expedición. De acordo co establecido no artigo 3.1 do Real decreto 55/2005, do 21 de xaneiro, o interesado poderá solicitar, desde o momento en que aboe os correspondentes dereitos, a expedición dunha certificación supletoria provisional que substituirá o título oficial, mentres non se produza a súa expedición material, e terá idéntico valor para efectos do exercicio dos dereitos inherentes ao título. Esta certificación incluírá os datos esenciais que deben figurar no título correspondente.

Artigo 9. *Comunicación ao Rexistro Nacional de Títulos.*

1. En relación cos títulos oficiais que expidan, as universidades axustaranse ás normas de organización e procedemento dos rexistros universitarios de títulos oficiais que se establezan ao respecto.

2. Para tal efecto, o secretario xeral técnico do departamento ditará as oportunas instrucións sobre procedemento informático e de verificación documental, co fin de constituír a correspondente base de datos en conexión coas das respectivas universidades.

Artigo 10. *Características do soporte e formato dos títulos universitarios oficiais.*

1. A cartolina soporte dos títulos oficiais de máster universitario e doutor, de idéntico tamaño para todos eles, será de material especial con determinadas claves de autenticidade, normalizado en formato UNE A-3, de acordo coas prescricións técnicas e de seguranza que determine o secretario xeral técnico do departamento.

2. As cartolinas levarán incorporado o escudo nacional no ángulo superior esquerdo. Estarán numeradas mediante serie alfanumérica, cuxo control corresponderá ás unidades responsables do proceso de expedición dos títulos.

3. As universidades adoptarán, para os títulos que expidan, os atributos, cores, orlas e demais grafismos que coiden convenientes, sen máis limitacións que as establecidas nesta orde. Así mesmo, poderán incorporar aos títulos que expidan o seu propio escudo ou outros, nunca en maior tamaño que o escudo nacional.

4. Os títulos levarán impreso todo o seu texto, así como a sinatura do reitor da universidade correspondente. Non se permitirá a incorporación de inscrición ningunha non impresa, agás a sinatura do interesado e a do responsable da unidade de títulos oficiais da universidade.

5. Cada universidade, previamente á súa entrega ao interesado, efectuará no título unha estampación en seco do motivo da súa elección, igual para todos os títulos que expida. Remitirá mostra deste motivo á Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións deste departamento, para os efectos de coñecemento e control de autenticidade.

Artigo 11. *Personalización do título.*

1. Os títulos universitarios oficiais de máster e doutor incluírán no seu anverso, ademais das mencións que se sinalan noutros artigos desta orde, os seguintes datos:

a) Referencia expresa a que o título se expide en nome do rei, de acordo coa fórmula recollida nos anexos desta orde.

b) Nome e apelidos da persoa interesada, tal e como figuren no seu documento nacional de identidade ou pasaporte.

c) Lugar e data de nacemento, así como nacionalidade da persoa interesada.

d) Lugar e data de expedición do título, que será a correspondente á certificación do pagamento dos dereitos pola dita expedición.

e) Sinatura da persoa interesada, do responsable da unidade de títulos oficiais da universidade, e do reitor da universidade.

f) Se procede, inclusión da mención de «cum laude» así como da mención «doutor europeo».

g) Mención das causas legais que, se é o caso, afecten a eficacia do título. Cando así proceda, farase constar se se trata de expedición dun duplicado, así como as causas que motivaron esa expedición.

h) Claves oficiais do título que se expide. A primeira estará composta polos códigos correspondentes á universidade, ao centro, e ao número de rexistro universitario. A segunda corresponderá ao número asignado polo Rexistro Nacional de Títulos.

2. No reverso dos títulos universitarios oficiais faranse constar os mesmos datos relativos á clave alfanumérica do soporte, códigos de universidade e centro, número de rexistro universitario de títulos oficiais e número do Rexistro Nacional de Títulos, co fin de identificar as dúas partes do título. Constará tamén o lugar e a data de expedición do título, e a sinatura do responsable da unidade de títulos oficiais da universidade.

Artigo 12. *Lingua dos títulos universitarios oficiais.*

Os títulos universitarios oficiais expediranse en castelán e, se é o caso, nas outras linguas oficiais propias das comunidades autónomas. As universidades radicadas en comunidades autónomas con lingua oficial propia expedirán os títulos en texto bilingüe, nun só documento redactado en castelán e na outra lingua oficial da correspondente comunidade autónoma, ambos os textos impresos co mesmo tipo e tamaño de letra. A lenda «Juan Carlos I, Rey de España» imprimírase exclusivamente en castelán.

Disposición adicional primeira. *Suplemento europeo ao título.*

Unha vez superados os estudos universitarios conducentes aos títulos oficiais de máster universitario ou doutor, o interesado poderá solicitar na correspondente universidade a expedición do suplemento europeo ao título, de acordo co modelo establecido no anexo V.

Disposición adicional segunda. *Títulos das universidades da Igrexa Católica.*

1. De acordo co disposto na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a obtención, expedición e efectos dos títulos correspondentes a estudos impartidos en universidades da Igrexa Católica, axustaranse ao disposto nos acordos entre o Estado español e a Santa Sé.

2. Os títulos universitarios oficiais de máster e doutor que se obteñan nas citadas universidades pola superación de estudos que teñan recoñecidos efectos civís, serán expedidos polo correspondente reitor en nome do rei, axustándose ao establecido nesta orde para os títulos oficiais.

Disposición transitoria primeira. *Títulos correspondentes a ensinanzas anteriores.*

A expedición dos títulos oficiais de doutor correspondentes ás ensinanzas anteriores ás establecidas de acordo co disposto nos reais decretos 55/2005 e 56/2005 realizarase conforme a normativa anteriormente vixente, contida no Real decreto 778/1998, do 30 de abril.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para a acreditación de datos de identidade.*

Mentres non conclúan as actuacións que lles permitan ás universidades acceder ao sistema de verificación de datos de identidade, o interesado deberá presentar xunto coa solicitude a que se refire o artigo 8 desta orde unha fotocopia do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^ª da Constitución e de acordo coa autorización contida no artigo 3.1 do Real decreto 55/2005, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación.*

Autorízase o secretario de Estado de Universidades e Investigación e o secretario xeral técnico, no ámbito das

súas respectivas competencias, para ditar as instrucións necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de agosto de 2007.–A ministra de Educación e Ciencia, Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo.

ANEXO I

Modelo de título de máster universitario
[Artigo 5]

JUAN CARLOS I, REY DE ESPAÑA
e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade , considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona , nacido/a o día de de , en , de nacionalidade , superou na Universidade de (indicar a denominación as ensinanzas conducentes ao TÍTULO de MÁSTER UNIVERSITARIO en , expide o presente título oficial con específica e facer referencia á especialidade, se é o caso) do doutoramento) dentro do programa (indicar denominación validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título lle outorgan as disposicións vixentes.

Dado en o de de

O/A interesado/a,

O/A reitor/a,

O/A xefe/a da Secretaría,

ANEXO II

Modelo de título de doutor
[Artigo 6]

JUAN CARLOS I, REY DE ESPAÑA
e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade , considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona , nacido/a o día de de , en , de nacionalidade , superou as ensinanzas conducentes ao TÍTULO universitario de DOUTOR/A pola Universidade de (indicar a denominación do doutoramento) dentro do programa (indicar denominación do doutoramento) dentro do programa (indicar denominación interesado/a para desfrutar os dereitos que a este título lle outorgan as disposicións vixentes.

Título de doutor pola Universidade (indicar cualificación e, se é o caso, mencións: "cum laude", doutor europeo).

Dado en o de de

O/A interesado/a,

O/A reitor/a,

O/A xefe/a da Secretaría,

ANEXO III

Modelo de título de máster universitario obtido tras a superación dun programa conxunto entre universidades españolas ou españolas e estranxeiras

[Artigo 7]

JUAN CARLOS I, REY DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade , considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona , nacido/a o día de de en , superou as ensinanzas conducentes ao TÍTULO de MÁSTER UNIVERSITARIO de nacionalidade (indicar a denominación específica e citar a especialidade, se é o caso) organizado coa/s universidade/es de (citar universidade/s participante/s do convenio) expide o presente título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título lle outorgan as disposicións vixentes.

Dado en o de de

O/A interesado/a,

O/A reitor/a,

O/A xefe/a da Secretaría,

ANEXO IV

Modelo de título de doutor obtido tras a superación dun programa conxunto entre universidades españolas ou españolas e estranxeiras

[Artigo 7]

JUAN CARLOS I, REY DE ESPAÑA

e no seu nome o/a

reitor/a da Universidade , considerando que, conforme as disposicións e circunstancias previstas pola lexislación vixente, don/dona , nacido/a o día de de en , de nacionalidade superou as ensinanzas conducentes ao TÍTULO universitario de DOUTOR/A pola Universidade de dentro do programa (indicar denominación do doutoramento), organizado coa/s universidade/es de (citar universidade/es participante/s do convenio) expide o presente título oficial con validez en todo o territorio nacional, que faculta o/a interesado/a para gozar dos dereitos que a este título lle outorgan as disposicións vixentes.

Título de doutor pola Universidade (indicar cualificación e, se é o caso, mencions: «cum laude», «doutor europeo»).

Dado en o de

O/A interesado/a,

O/A reitor/a,

O/A xefe/a da Secretaría,

ANEXO V

Modelo de suplemento europeo ao título de máster universitario

1. Datos do titulado.

1.1 Apelidos.

1.2 Nome.

1.3 Data de nacemento.

1.4 Número de identificación.

Código Erasmus da universidade + DNI ou pasaporte, no caso de estudantes estranxeiros.

2. Información sobre a titulación.

2.1 Denominación da titulación e título conferido:

Título de Máster en T2 pola Universidade u (especialidade en e, se existe)

Nome do programa

2.2 Principais campos de estudo da titulación e orientación.

Ámbito de coñecemento.

O ámbito de coñecemento que figure no plan de estudos; se é interdisciplinar, enumerar os ámbitos que recolle.

Orientación profesional/investigadora/académica.

2.3 Nome e natureza da institución que conferiu o título.

Nome da universidade que outorga o título, indicando se é unha universidade pública, privada ou da Igrexa Católica.

2.4 Nome e natureza da institución en que se impartiron os estudos.

No caso de títulos conxuntos, deberá figurar a denominación das universidades participantes, unha das cales deberá coincidir coa mencionada no punto 2.3.

(Só se expide un SET e farao a universidade que tramite o título).

2.5 Lingua(s) utilizada(s) en docencia e exames.

Castelán, lingua cooficial e, se é o caso, porcentaxe de docencia noutra lingua, sempre que se impartise nela, polo menos, unha disciplina.

3. Información sobre o nivel da titulación.

3.1 Nivel da titulación.

Titulación de segundo ciclo.

3.2 Duración oficial do programa.

Número de créditos ECTS.

3.3 Requisitos de acceso.

3.4 Adecuación do título ao nivel formativo do posgrao (descriptores de Dublín).

Enumerar os descriptores que figuran no plan de estudos.

4. Información sobre o contido e os resultados obtidos.

4.1 Forma de estudo.

Indicar se o programa de estudos é presencial, non presencial ou mixto.

4.2 Requisitos do programa. x créditos teóricos, x créditos prácticos, x créditos de proxecto.

4.3 Descrición dos contidos.

Módulo.....Materia.....Carácter.....Créditos
Cualificación.....Ano.....Observacións.....

Materias cursadas noutra universidade.....

Universidade.

4.4 Sistema de cualificación.

No sistema universitario español, as cualificacións están baseadas na puntuación absoluta sobre 10 puntos obtida polo estudante en cada disciplina ou traballo de investigación, de acordo coa seguinte escala: Suspenso: 0-4,9. Aprobado: 5-6,9. Notable: 7-8,9. Sobresaliente: 9-10. Matrícula de honra: implica ter obtido sobresaliente, máis unha mención especial. Unha disciplina considérase superada a partir de «aprobado». A distribución das cualificacións foi: aprobado x %, notable x %, sobresaliente x %, matrícula de honra x %.

4.5 Cualificación global da persoa titulada.

A ponderación de expediente calcúlase mediante o criterio seguinte: suma dos créditos superados polo alumno multiplicados cada un deles polo valor da cualificación que corresponda, a partir da táboa de equivalencias que se especifica a seguir, e dividido polo número de créditos superados polo alumno: aprobado: 1 punto; notable: 2 puntos; sobresaliente: 3 puntos; matrícula de honra: 4 puntos.

5. Información sobre a función da titulación.

5.1 Acceso a ulteriores estudos.

Habilitan para o acceso ao doutoramento.

En concreto, deberase mencionar se o máster é considerado de maneira parcial ou total como período de formación dun programa de doutoramento.

5.2 Obxectivos formativos, incluíndo o perfil de competencias.

Síntese da descrición dos obxectivos e as competencias xerais que figuran no plan de estudos.

6. Información adicional.

Entre ela, o enderezo http da universidade.

7. Certificación do suplemento.

7.1 Data día/mes/ano.


7.2 Sinaturas: a do secretario xeral da universidade, que poderá ir impresa no documento, e outra sinatura orixinal do responsable administrativo da información que quedou reflectida no suplemento europeo ao título.

7.3 Cargo dos asinantes.

7.4 Selo oficial da universidade.

8. Información sobre o sistema nacional de educación superior.

Cubrirase este punto transcribindo o modelo uniforme de descrición do sistema universitario español vixente que aprobe o Consello de Universidades



MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

15766 *REAL DECRETO 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.* («BOE» 204, do 25-8-2007.)

A Declaración para o diálogo social «Competitividade, emprego estable e cohesión social», subscrita o 8 de xullo de 2004 polo Goberno, a Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa, Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores, propuxo un novo modelo de crecemento económico equilibrado e duradeiro baseado na competitividade das empresas como medio para acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego e de benestar social.

A Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, é clara expresión dese novo modelo, que aposta por unha maior calidade do sistema produtivo español. Por unha banda, empresas máis profesionalizadas, coa estrutura e medios adecuados para garantir unha maior produtividade e eficiencia empresarial; pola outra, uns recursos humanos con maior estabilidade no emprego e con mellor formación e especialización. Todo isto, combinado cunha mellor ordenación do réxime de subcontratación que garante que a descentralización achega unha maior eficiencia e especialización á produción, eliminando aquelas subcontrata-

cións que son improdutivas desde o punto de vista económico e, sobre todo, prexudiciais para a seguranza e a saúde dos traballadores.

A plena efectividade da Lei 32/2006, do 18 de outubro, fai necesario definir con celeridade aqueles aspectos que requiren o desenvolvemento regulamentario. De feito, a Estratexia Española de Seguranza e Saúde no Traballo (2007-2012), que foi apoiada polo Pleno da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo do 28 de xuño de 2007 e aprobada polo Consello de Ministros un día despois, inclúe a aprobación do desenvolvemento regulamentario da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción como parte do seu obxectivo 1, dirixido a «lograr un mellor e máis eficaz cumprimento da normativa, en especial polas pequenas e medianas empresas».

Son catro os aspectos nos cales a Lei 32/2006, do 18 de outubro, chama ao regulamento: o Rexistro de Empresas Acreditadas, o libro de subcontratación, as regras de cómputo das porcentaxes de traballadores indefinidos marcados na lei e a simplificación documental das obrigas establecidas para as obras de construción no ordenamento xurídico.

En correspondencia coas necesidades de desenvolvemento regulamentario mencionadas, o real decreto estruturábase en catro capítulos. O primeiro deles recolle as disposicións xerais relativas ao obxecto e ao ámbito de aplicación da norma regulamentaria. O segundo capítulo regula o réxime de funcionamento dos rexistros de empresas acreditadas dependentes das autoridades laborais autonómicas. Os rexistros teñen como fin permitir o acceso público aos datos identificativos das empresas inscritas, esencialmente a través do acceso público aos seus datos e da emisión de certificacións relativas ás inscricións practicadas. As empresas contratistas e subcon-